

APROXIMACIÓN A UN INVENTARIO DOS SANTUARIOS DA TERRA CHÁ

José Manuel Blanco Prado
I.E.S. "Xoán Montes" (Lugo)

O profundo sentido social que segue habendo en torno ós santuarios móve-me a tentar facer un breve inventario destes recintos sagrados na comarca chairega. Este vai centrarse en tódolos concellos da Terra Chá agás os concellos de Meira, O. de Rei e Pol, que pertencen eclesiásticamente a diócese de Lugo. De tódolos xeitos sobre estes tres concellos penso que é conveniente, aínda que non sexa o motivo central do traballo, facer unha breve referencia daqueles centros sagrados que son receptores na actualidade dunha gran afluencia de devotos.

O inventario vai ter como finalidade esencial o servir de guía para tódalas persoas que teñan necesidades de índole espiritual e material e sintan polo tanto o desexo imperante de acudir a un destes recintos para obter o acougo ós seus problemas. Antes de comezar co inventario, é mester levar a cabo unha breve análise sobre o concepto que hai do santuario como unha das manifestacións máis importantes da relixiosidade popular e das promesas máis reiterativas, que se realizan nestes centros sagrados, para que as persoas teñan un coñecemento previo daqueles actos, que van levar a cabo. No inventario imos distinguir varios aspectos:

- 1.- Localización dos santuarios no ámbito parroquial.
- 2.- Sentido temporal reflectido no día ou días da festividade .
- 3.- Peticións ou rogativas por parte dos devotos.
- 4.- Promesas que se realizan cunha maior asiduidade no santuario.

O CONCEPTO DO SANTUARIO

O santuario é un sitio de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ó que veñen devotos de distintas comunidades, algúns para pregar á divindade a concesión dunha serie de rogativas de base material e tamén espi-

ritual, e a maioría para levar a cabo as promesas ofrecidas, logo de que a divindade lles outorgou as rogativas requiridas. “*Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual...*”¹. “*El santuario es el punto de referencia o término al que los romeros dirigen sus aspiraciones físicas y espirituales*”². Nos santuarios se venera á divindade simbolizada por Xesús, Cristo (Eccehomo) e unha serie de intercesores como distintas advocacións da Virxe e diferentes imaxes de santos. “*Os focos de sacralidade dun santuario son as reliquias e as imaxes de Deus, a Virxe e os santos*”³.

AS ROGATIVAS POR PARTE DOS DEVOTOS

En xeral os devotos ofrécese por si mesmos ou para lograr algunha intercesión para outras persoas que non poden acudir ó santuario por algunha doenza. Entre as rogacións máis específicas distingo as de índole espiritual e material. Nestas últimas sinalo as seguintes: por doenzas humanas relacionadas con diferentes partes do corpo humano; por doenzas de animais: preferentemente eguas, vacas e cochos; polos fillos recen nados; por acadar boas colleitas e por calquera perturbación que puidera existir no ámbito familiar.

AS PROMESAS OFRECIDAS ÁS IMAXES SAGRADAS DOS SANTUARIOS

A unidade básica de relación entre o devoto e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio de Cristo ou dunha serie de mediadores, como son as distintas advocacións da Virxe e os santos. A promesa a divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente no que alguén fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento adecuado.

Nos santuarios chairegos podemos distinguir basicamente dous modelos de relación entre os devotos e a imaxe sagrada.

¹ RODRÍGUEZ BECERRA, S.: “De Ermita a Santuario: Reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía”, en *Romarias e Peregrinacións, Actas do Simposio de Antropoloxía*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1993, p. 111.

² PRAT I CAROS, J.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad Popular, III, Hermandades, Romerías, Santuarios*. Barcelona, Anthropos, 1989, p. 227.

³ MARIÑO FERRO, X.R.: “Os Santuarios e os seus símbolos”, en *Romarias e Peregrinacións*, Ob.cit, p. 88.

1.- A promesa xeralmente é condicional, é dicir, a divindade concede a petición ó devoto e logo este satisface a promesa; trátase dun cumprimento “a posteriori”. Este tipo de promesa recibe o nome de “*Petición condicional*”⁴.

2.- Algúns devotos veñen pregar a mediación da divindade ante un problema determinado, realizando unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os distintos rituais e ofrendas, que os devotos levan a cabo, teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe o nome de “*Devoción Peticionaria*”⁵.

As promesas máis frecuentes que se realizan nos santuarios da Terra Chá son as seguintes:

A.- A REALIZACIÓN DUNHA GRAN VARIEDADE DE RITUAIS.-

1.- **O concepto de ritual.-** O ser humano encóntrase suxeito a unha gran cantidade de vicisitudes e perigos. Por tal motivo leva a cabo unha serie de rituais, xa que está convencido da súa eficacia e de que é posible vincular a súa acción a un sentido valioso para a súa vida persoal. Arnold M. Rose sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos: a.- Posúen unha regularidade e periodicidade ó estar vinculados con certas festas. b.- Teñen sentido para certo número de persoas. c.- Soen presentarse dun xeito dramático. d.- Producen “consensus” de sentimentos mediante unha experiencia participativa⁶.

2.- O estudo sobre os diferentes rituais.-

2.1.- A celebración de misas.-

En case tódolos santuarios chairegos os días da súa festividade celébranse algunhas misas desde primeiras horas da mañá ata a unha ou unha e media da tarde, en que ten lugar unha misa solemne oficiada por varios cregos de freguesías limítrofes. Nalgúns santuarios celébrase outra misa polo serán.

2.2.- O ritual da procesión.-

En rematando a misa solemne celébrase a procesión que percorre o perímetro do santuario. Tódalas imaxes que saen na procesión santifican o espazo que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, tanto persoas

⁴ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid, Tecnos, 1978, p. 134.

⁵ WILLIAM CRISHIAN, A. Jr.: Ob. cit, p. 134.

⁶ *ANTHROPOLOGICA*. Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6. Barcelona, E. Daimón, 1977, p. 99.

como animais, que se encontran en dito espacio. Nalgúns santuarios aínda hai devotos, que van por baixo das andas das imaxes de pé ou de xeonllos.

2.3.- O ritual de vir andando ó santuario.-

Antano moitos devotos viñan ó recinto sagrado andando desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo antes de entrar en contacto co sagrado. Na actualidade, aínda que a maioría fan a viaxe en coches de liña e particulares, segue habendo algunhas pervivencias deste ritual nos santuarios da Terra Chá.

2.4.- O ritual da circunvalación.-

En chegando ó santuario os devotos entran en contacto co sagrado. Por iso un gran número deles dan unha ou máis voltas ó redor do mesmo, de pé, descalzos ou de xeonllos. Nas súas mans poden levar ex-votos de cera que representan o corpo humano e partes do mesmo: pernas, brazos, pés..., así como ex-votos de animais: cochos, eguas e vacas. Tamén adoitan levar unha imaxe pequena, que simboliza a Cristo, á Virxe, o a un Santo. O dar voltas ó redor do santuario ten o valor dunha penetración e toma de contacto nun nivel relixioso. Na Grecia clásica tal rito facíase cun fin apotropaico e catártico⁷.

2.5.- Os rituais de contacto

O desexo de todo devoto é entrar en contacto coas imaxes e demais elementos e obxectos ligados ó santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre os rituais de contacto máis habituais sinalo os seguintes:

2.5.1.- O ritual de poñe-lo santo.-

O crego, encargado do santuario, ou unha persoa ligada ó mesmo fan unha cruz cunha imaxe pequena do Santo-a, Virxe... por riba das cabezas dos devotos quenes bican dita imaxe e deixan unha esmola, mentres o poñente recita unha xaculatoria.

2.5.2.- O ritual de contacto activo coa imaxe estática.-

Na maioría dos santuarios chairegos algúns devotos tocan cos seus panos e outros obxectos a imaxe sagrada e logo pásanos polas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa.

2.5.3.- O ritual do coitelo do S. Adrián.-

Nalgúns santuarios da Terra Chá algúns devotos piden ó encargado ou encargados de cumprimentar os diferentes rituais e ofrendas, que lle toquen á imaxe do

⁷ TABOADA CHIVITE, X.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo Ed. Galaxia, 1972, pp. 156-157.

S. Adrián cuns coitelos de madeira. Logo estes danllos outra vez ós devotos, que os pasan polas partes doentes dos seus corpos, facendo cruces. O coitelo no seu contacto coa imaxe queda sacralizado, podendo deste xeito os devotos cortar simbólicamente as súas doenzas.

2.5.4.- O ritual do contacto co “oco do chan” e “coa ventá cega” do santuario de S. Adrián e S. Xulián. Carballido-Pacios (Begonte).

No lado dereito da entrada deste santuario hai un oco no chan, no que algúns devotos, que teñen doenzas nas extremidades inferiores (reuma, artrite, varices...) introducen un intre os seus pés, mentres pregan ó santo cunha oración. No interior do mesmo santuario hai “unha ventá cega”, na que bastantes devotos introducen a súa cabeza cunha finalidade profiláctica e preventiva⁸.

2.5.5.- O ritual da fonte.-

A carón e preto dalgúns santuarios hai unha fonte que leva o nome da imaxe sagrada que preside o santuario. Nela bastantes devotos beben a súa auga e lévanla en botellas para as súas casas, empregándoa en distintos fins: doenzas humanas, cortes dos animais, cultivos, etc. Nas fontes dalgúns santuarios hai devotos que empregan un ritual que consta de dúas partes:

1º.- Lavan as partes doentes dos seus corpos cuns panos. A auga ten unha función ambivalente, xa que implica morte - enfermidade- e rexeneración -saúde-. *“El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado, pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento”*⁹.

2º.- Logo os panos déixanse colgados nos ramallos dunhas árbores (acivros, carballos...) e tamén por riba dunhas silvas. Hai a crenza de que axiña que os panos vaian podrecendo as doenzas das persoas irán desaparecendo. Esta segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado de enfermidade e polo tanto a paulatina recuperación do estado de saúde. Por outra banda o que se está levando a cabo con este ritual é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar. *“Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir”*¹⁰.

⁸ BLANCO PRADO, J. M.: “La devoción popular en el santuario de S. Adrián y S. Julián (Carballido-Pacios) (Begonte)”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo* Tomo I. Servicio de Publicacións da Diputación Provincial de Lugo, 1983, p.149.

⁹ FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A.: “Antropología de una parroquia rural”, *Cuadernos do Laboratorio Ourense de Antropoloxía Social*. Serie Galicia Campesina 1, Ourense, 1988, p. 202.

¹⁰ FRAZER, J. G.: *La rama dorada*. México, Ed. F.C.E, 1969, p. 41.

B.- ADEMAIS DOS RITUAIS DESCRITOS OS DEVOTOS LEVAN A CABO OUTRA SERIE DE PROMESAS QUE SINALO A CONTINUACIÓN:

1.- **As misas.**- Algúns devotos satisfacen esta ofrenda que o crego da freguesía, á que pertence o santuario, encárgase de levar a cabo normalmente nese recinto no transcurso do ano.

2.- **A ofrenda en metálico.**- Aмоса os seguintes xeitos:

2.1.- Ó poñe-lo santo, xa que os devotos deixan unha esmola ó poñente.

2.2.- No transcurso das misas que se ofician no santuario nos días da súa festividade.

2.3.- Nos cepillos da esmola que hai no santuario.

3.- **A ofrenda en especie.**- Antano na maioría dos santuarios chairegos, os devotos levaban de ofrenda cereais, pitas, polos, queixos e produtos derivados do cocho: unllas, linguas, cachuchas, lacóns etc. Isto era debido en gran medida a escasez que había de diñeiro, fundamentalmente nos núcleos rurais, o que propiciaba que aquelas persoas, que ían ofrecidas a un santuario, levasen algúns produtos base da súa economía de subsistencia. Co aumento do nivel de vida este tipo de ofrenda foi decaendo paseniño. Na actualidade a ofrenda en especie queda reducida a uns poucos santuarios da comarca. Esta ofrenda é poxada por un sancristán ou fregués da parroquia, na que se encontra o santuario, ó rematar os oficios relixiosos da mañá. Algunhas persoas aínda acoden ás poxas mostrando un gran interese por obter algún produto que tivo relación coa imaxe sagrada do santuario. *“En muchos de los santuarios estas ofrendas en especie se venden en subasta pública...los devotos muestran gran interés en comprarlas porque su contacto con los santos las ha convertido en reliquias”*¹¹.

4.- **Os ex-votos de cera.**- Estes dons utilízanse normalmente como signos e recordos dos bens recibidos, polo cal deben colocarse nun espacio manifesto. *“As paredes de moitas ermidas i eirexas aparecen cobertas de ex-votos, reprodución en cera de membros humanos (pernas, brazos, maos, corazón, ollos), como agradecimento polo que foran curados...”*¹².

4.1.- **Candeas.**- Os devotos ofrecen candeas normais, da súa mesma altura e candeas pequena e grosas (“velóns”), que normalmente se colocan acesas no interior do santuario.

¹¹ MARIÑO FERRO, X. R.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1987, p. 277.

¹² TABOADA CHIVITE, X.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo, Galaxia, 1972, p. 156.

4.2.- As figuras de cera.- Estes exvotos son obxectos artesanais que simbolizan ó corpo humano e algunhas das súas partes: pernas, brazos, testas, mans, peitos..., así como algúns corpos de animais: cochos, vacas, xatos, ovellas, eguas, que os devotos levan ós santuarios en testemuño do seu agradecemento pola influencia positiva e benéfica, que os seres sagrados exerceron na cura dunha doenza humana ou animal ou para solicitar a súa protección no decurso da vida.

APROXIMACIÓN A UN INVENTARIO DE SANTUARIOS DA TERRA CHÁ

I.- CONCELLO DE ABADÍN

A.- O santuario do S. Cosme.

1.- Parroquia.- A Xesta. S. Martiño de Galgao.

2.- Festividade.- O 27 de setembro.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal. Protección da facenda familiar. Problemas humanos relacionados co paro, coa droga, etc.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual de poñe-lo santo. O santo pono un fregués da parroquia e mailo o crego da mesma. A xaculatoria que emprega o crego é a seguinte: "*O Señor bendicete, o Señor gárdate, mira para ti con amor e quere darche a súa paz. Que en comunión con S. Cosme e con tódolos santos non che poida a enfermidade e medres en sanidade de corpo e alma. Amén*". 4.4.- A procesión, na que saen as imaxes do S. Cosme e a Virxe, percorre o perímetro do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, cirios pequenos, misas e algunha ofrenda en especie, a base de unllas de cochos, crins de cabalos e un pouco de trigo. 4.6.- Tamén ex-votos de cera que representan a corpos de animais: vacas e cochos, así como o corpo humano e algunhas das súas partes: mans, pernas, cabezas ...¹³.

B.- O santuario do S. Antonio.

1.- Parroquia.- Barrio do Outeiro. S. Pedro de Labrada.

2.- Festividade.- O 13 de Xuño.

3.- Peticións.- Doenzas de animais.

¹³ BLANCO PRADO, J.M.: "El Santuario de S. Cosme de Galgao (Abadín)", en *Lucus, Boletín Informativo de la Diputación de Lugo*, n °40. 1991, pp. 22-25.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- “*S. Antonio bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidade polo poder que Dios ten e a Virxen María. Amén*” 4.2.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.3.- Os devotos ofrecen misas, que o crego da parroquia oficia na capela. 4.4.- Esmola en metálico e algunha ofrenda en especie, a base de queixos, manteca e produtos do cocho. A ofrenda en especie pódase ó rematar os oficios relixiosos. 4.5.- Algúns ex-votos, que representan figuras de animais¹⁴.

C.- O santuario da Sta. Margarita.

- 1.- Parroquia.- Sta. María de Vilarente.
- 2.- Festividade.- O terceiro domingo de setembro.
- 3.- Peticións.- Doenzas humanas.

4.- Promesas.- 4.1.- Unha misa o sábado e dúas o domingo. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- “*Sta. Margarita che quite a enfermidade e che dea a sanidade polo poder que Dios ten e a Virxen María. Amén*”. 4.3.- Ritual da fonte. Beben a súa auga e lévana en botellas para as súas casas. Hai poucos anos algúns devotos aínda lavaban as doenzas dos seus corpos cuns panos mollados na auga, que logo deixaban a carón da fonte. 4.4.- A procesión percorre o campo e dá a volta ó Cristo. Algúns devotos van por baixo dan andas da Virxe. 4.5.- Ofrecen misas, esmola en metálico.

2.- CONCELLO DE BEGONTE.-

A.- O santuario da Virxe dos Milagres.

- 1.- Parroquia.- Sta. María de Saavedra.
- 2.- Festividade.- 24 de maio.
- 3.- Peticións.- Doenzas humanas. Protección e saúde tanto para os acabados de nacer como para os que van nacer. Protección para aquelas persoas que van casar, etc.
- 4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- “*La Virgen de los Milagros te conceda la salud del alma y la salud del cuerpo. Amén*”. 4.4.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, algúns ramos de flores, candeas normais e da súa mesma altura, misas. 4.6.- Tamén ex-votos de cera que simbolizan o corpo humano e algunhas das súas par-

¹⁴ “*Informes de D. Jesús Requeijo Prieto*”, de *Labrada. Ano 1999*

tes:pernas, mans, cabezas, peitos... 4.7.- Algúns ex-votos de cera que representan corpos de animais: vacas, cochos¹⁵.

B.- O santuario do S. Benito de Palermo.

1.- Parroquia.- S. Xoán de Valdomar.

2.- Festividade.- O 27 de setembro.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal. Protección da facenda familiar.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*Por tu corazón bendito, Santo del rostro moreno, de todo infernal veneno, libranos, Santo bendito*". 4.4.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.5.- Os devotos ofrecen misas, esmolas en metálico. 4.6.- Tamén ex-votos de cera que representan ó corpo humano, total ou parcialmente, así como a distintos animais: vacas, cochos. 4.7.- Hai poucos anos aínda había ofrenda en especie, que se poxaba ó domingo seguinte a festividade¹⁶.

C.- O santuario do S. Vitorio.

1.- Parroquia.- O Salvador de Damil.

2.- Festividade.- O segundo domingo de maio.

3.- Peticións.- Doenzas da pel -eccemas, espullas...- e por doenzas do gando bovino e porcino. Encomendación polo que ían facer o servizo militar.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Vitorio glorioso, por tu poder inmenso, ayuda a este devoto, en salud, alma y cuerpo. Amén*". 4.2.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.3.- Ritual da fonte. Bastantes devotos lavan cuns panos mollados na auga da fonte as doenzas da pel. Logo déixanos colgados nos ramallos dunhas árbores (acivros, carballos). 4.3.- A procesión, na que saen as dúas imaxes do S. Vitorio, percorre o perímetro do santuario. 4.4.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, algúns ramos de flores. No ano 1999 esta romaxe foi recuperada polas asociacións culturais "Os Carrabouchos" e "As Brigadas en defensa do Patrimonio Chairego"¹⁷.

¹⁵ BLANCO PRADO, J. M.: *Religiosidad Popular en el Municipio de Begonte*. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1992, pp. 72-79.

¹⁶ BLANCO PRADO, J.M.: Ob. cit, 1992, pp. 79-83.

¹⁷ BLANCO PRADO, J. M. / RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M.: *Begonte. Pasado y Presente*, Ed. Alvarellos, 1987, pp. 124-132.

D.- O santuario do S. Adrián e o S. Xián.

1.- Parroquia.- Carballido. S. Martiño de Pacios.

2.- Festividade.- O domingo seguinte ó xoves da Ascensión.

3.- Peticións.- Doenzas humanas relacionadas coa cabeza, con vultos, con dores nas extremidades inferiores.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de misas. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Xulián, S. Adrián bendito che dea a sanidade e che quite a enfermidade, polo poder que Dios ten, Amén*". 4.3.- Ritual do coitelo do S. Adrián. 4.4.- Ritual do oco e da ventá cega. 4.5.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.6.- Os devotos ofrecen misas, esmola en metálico...¹⁸.

E.- O santuario do S. Antonio.

1.- Parroquia.- Denune. Santiago de Felmil.

2.- Festividade.- O domingo máis próximo ó 13 de xuño.

3.- Peticións.- Doenzas de animais. Protección da facenda familiar.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Antonio de Padua que o poder que con Dios ten o libre de tódolos males. Amén*". 4.2.- Ó rematar a misa solemne, sae a procesión que percorre o perímetro do santuario. Saen as imaxes do S. Antonio e S. José. 4.3.- Os devotos ofrecen misas, esmola en metálico, etc. Hai algúns santuarios, que teñen menos afluencia de devotos, nas freguesías de Carral e o Castro, dedicados a Sta. Lucía; en Uriz, dedicado á Virxe das Dores; en Gaibor, dedicado ó S. Andrés e finalmente en Guimarás (Cerdeiras), dedicado á Virxe da Natividade¹⁹.

3.- CONCELLO DE COSPEITO.-

A.- O santuario da Virxe do Monte.

1.- Parroquia.- Feira do Monte. S. Xoán de Sistallo.

2.- Festividade.- O 8 de setembro.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual de imposición cunha reliquia da Virxe. 4.3.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.4.- Ritual da fonte.- No lugar chamado "O Carboeiro" hai a fonte da Virxe, onde antano os devo-

¹⁸ BLANCO PRADO, J.M.: Ob. cit, 1992, pp. 83-88.

¹⁹ BLANCO PRADO, J.M.: Ob. cit, pp. 93-96.

tos lavaban as partes doentes dos seus corpos. 4.5.- Ritual da procesión. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico e misas. 4.6.- Hai anos ofrecían ex-votos de cera.

No santuario do S. Paio dos Redos, pertencente a parroquia de S. Xoán de Sistallo, un dos rituais máis relevantes é o da confraría, que tódolos anos nomea novos confrades²⁰.

B.- O santuario do S. Urbano.

1.- Parroquia.- S. Xurxo de Goá.

2.- Festividade.- O 13 de xuño.

3.- Peticións.- Doenzas de animais.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. 4.3.- Ritual da circunvalación. 4.4.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.5.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.6.- Os devotos ofrecen esmola en metálico e misas; tamén ex-votos de cera que representan a corpos de animais: vacas, cochos...²¹.

C.- O santuario da Virxe das Ermitas.

1.- Parroquia.- S. Xurxo de Goá.

2.- Festividade.- O derradeiro domingo de agosto.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. 4.3.- Ritual da circunvalación. 4.4.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas...

Na parroquia de Sta. María de Bestar, hai o santuario da Sta. Lucía, que celebra a súa festividade o 13 do Nadal. Os devotos acoden por doenzas da vista. Poñen a santa, e ofrecen esmola en metálico, misas, etc.

4.- CONCELLO DE GUITIRIZ.-

A.- O santuario do S. Alberte.

1.- Parroquia.- S. Breixo de Parga.

2.- Festividade.- O terceiro domingo de maio.

²⁰ BLANCO PRADO, J. M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Servicio Publicacións Deputación Provincial de Lugo, 1996, p. 174.

²¹ Informante de Goá (Cospeito).

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal. A este santuario traen aqueles nenos que teñen problemas coa fala -tatexos-.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Alberto bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidade, polo poder que Dios ten. Amén*" 4.4.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.5.- Ritual da fonte.- Bastantes devotos, incluídos cativos, beben a auga da fonte e lévana para as súas casas. Algúns tamén lavan aquelas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade curativa. 4.6.- A procesión, na que saen as imaxes da Virxe da Divina Pastora e o S. Alberte, percorre o perímetro do santuario. 4.7.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas e algo de ofrenda en especie que logo se poxa; tamén adoitan levar ex-votos de cera que representan ó corpo humano e algunhas das súas partes: mans, pernas, cabezas, peitos..., así como ó gando cabalar, porcino e vacún²².

B.- O santuario do S. Bieito.

1.- Parroquia.- Ferreira. S. Pedro de Pígaro.

2.- Festividade.- O 27 de setembro.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo animal e humano -eccemas, verrugas-.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*Por tu corazón bendito, santo del rostro moreno, de todo infernal veneno, libranos Sto. bendito*". 4.2.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.3.- Ritual da circunvalación. 4.4.- A procesión, na que saen as imaxes da Virxe e o S. Bieito, percorre o perímetro do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, candeas e algúns ex-votos de cera, que simbolizan algunhas partes do corpo humano e ó gando porcino e vacún²³.

C.- O santuario da Virxe dos Desamparados.

1.- Parroquia.- S. Vicenzo dos Vilares.

2.- Festividade.- O domingo e luns de Pascua.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano. Algo por doenzas de animais. Polos que van facer o servizo militar. Polos acabados de nacer e os que van nacer.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*Que la Virgen de los Desamparados te preserve de todos los males y te proteja en la vida y en la muerte, por Cristo Ntro. Señor. Amén*". 4.3.-

²² BLANCO PRADO, J. M.: Ob. cit, 1992, pp. 102-107.

²³ BLANCO PRADO, J. M. / RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M.: Ob. cit, 1987, pp. 202-211.

Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.4.- A procesión sae fora do adro e da a volta a un calvario, que se encontra nunha praza preto do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, candeas normais e da súa mesma altura, algúns ramos de flores, algunha ofrenda en especie: queixos, cereais, produtos relacionados co cocho; tamén ex-votos de cera, que representan ó corpo humano e algunhas das súas partes²⁴.

5.- CONCELLO DA PASTORIZA.-

A.- O santuario do S. Xián.

1.- Parroquia.- S. Pedro Fiz de Baltar.

2.- Festividade.- Catorce semanas despois do martes de carnaval. A festividade sempre coincide en martes.

3.- Peticións.- Doenzas humanas relacionadas coa cabeza, vista, espalda, pel, etc. Algo por doenzas de animais.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual del poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Xulián che quite a enfermidade e che dea a sanidad, polo poder que Dios ten e a Virxen María. Amén*". 4.3.- Ritual da circunvalación. 4.4.- Algúns devotos pasan baixo o altar, encollidos ou de xeonllos, para curar a dor de espalda. 4.5.- Ritual da fonte.- Bastantes devotos beben a auga da fonte e lavan as doenzas dos seus corpos cuns panos mollados en dita auga. 4.6.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.7.- Os devotos ofrecen misas, que o crego do santuario oficia no transcurso do ano, esmola en metálico e candeas normais, que permanecen acesas no interior do recinto sagrado. 4.8.- Algo de ex-votos de cera, representando algunhas partes do corpo humano²⁵.

B.- O santuario da Santísima Trindade.

1.- Parroquia.- Sta. María de Vián.

2.- Festividade.- O segundo domingo de xuño.

3.- Peticións.- Doenzas humanas. Calquera problema que perturbe o espírito da persoa.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración dalgunhas misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*Sta. Trinidad che quite a enfermidade e che dea a sanidad polo poder que Dios ten e a Virxen María. Amén*".

²⁴ BLANCO PRADO, J. M.: Ob. cit, 1996, pp. 101-104.

²⁵ Informante de Baltar, Dña. María Expósito Gómez. Ano 1999.

4.4.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.5.- A procesión, na que saen as imaxes da Sta. Trinidad, da Virxe da Inmaculada, da Virxe da O e o S. José, percorre o perímetro do santuario. Baixo as andas dalgunhas destas imaxes van devotos ofrecidos. 4.6.- Os devotos ofrecen cirios pequenos, esmola en metálico...²⁶.

C.- O santuario do S. Adrián.

1.- Parroquia.- Fitoiro. Sta. María de Bretoña.

2.- Festividade.- O terceiro domingo de xuño.

3.- Peticións.- Doenzas humanas - accidentes, vultos, tumores-. Algo por doenzas de animais.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Adrián bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidad, polo poder que Dios ten e a Virxen María. Amén*". 4.2.- Ritual do coitelo do S. Adrián. 4.3.- A procesión, na que saen as imaxes do S. Adrián, do S. Estevo e a Virxe do Carme, percorre o perímetro do santuario. 4.4.- Os devotos ofrecen misas, candeas normais, cirios pequenos, esmola en metálico, etc.²⁷.

D.- O santuario do S. Cosme.

1.- Parroquia.- Castiñeira. Sta. María de Bretoña.

2.- Festividade.- O 27 de setembro.

3.- Peticións.- Doenzas humanas e de animais.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.4.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Cosme bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidad, polo poder que Dios ten e da Virxen María. Amén*". 4.5.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.6.- Os devotos ofrecen esmola en metálico e misas; tamén ex-votos de cera: candeas e corpos humanos e de animais²⁸.

6.- CONCELLO DE VILALBA.-

A.- O santuario do S. Roque.

1.- Parroquia.- Sta. María de Carballido.

2.- Festividade.- O derradeiro sábado e domingo de xullo. Antes celebrábase en setembro.

²⁶ Informante: párroco de Vián.

²⁷ Informante de Fitoiro (Bretoña).

²⁸ Informante de Seselle (Bretoña).

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Roque bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidade, polo poder que Dios ten. Amén*". 4.3.- Ritual da circunvalación. 4.4.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.5.- A procesión percorre o perímetro do santuario. 4.6.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, candeas normais; tamén algo de ofrenda en especie: trigo, produtos do cocho, que ó rematar os oficios relixiosos "póxase"²⁹.

B.- O santuario do S. Isidro.

1.- Parroquia.- S. Simón da Costa.

2.- Festividade.- O sábado e domingo máis próximo ó 15 de maio.

3.- Peticións.- Doenzas de animais.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual da circunvalación. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Isidro labrador bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidade, polo poder que Dios ten e a Virxen María. Amén*". 4.3.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.4.- A procesión, na que saen as imaxes do S. Isidro, a Virxe da Cabeza e a muller do S. Isidro, percorre o perímetro do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, candeas normais; hai anos levaban tamén figuras de cera de animais e produtos en especie³⁰.

C.- O santuario do S. Adrián.

1.- Parroquia.- Barrio do Terrío. Santiago de Goiriz.

2.- Festividade.- O sábado e o domingo seguintes a festividade da Ascensión. Hai anos celebrábase o mércores antes da Ascensión.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de misas. 4.2.- Ritual da circunvalación. 4.3.- Ritual do coitelo do S. Adrián. 4.4.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*S. Adrián bendito che quite a enfermidade e che dea a sanidade, polo poder que Dios ten e a Virxe María. Amén*" 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, candeas e velóns; tamén ex-votos de cera, que representan a unha serie de animais: eguas, cabalos, vacas e cochos, así como ó corpo humano e algunhas das súas partes: pernas, brazos, mans, etc. 4.6.- Algúns devotos seguen traendo ofren-

²⁹ Informante de Carballido.

³⁰ Informante de S. Simón da Costa, chamado D. José Cuba López. Ano 1999.

da en especie: queixos e produtos ligados co cocho, que ó rematar os oficios relixiosos son poxados por un fregués da parroquia³¹.

D.- O santuario da Virxe dos Remedios.

1.- Parroquia.- Picouzo. San Salvador de Ladra.

2.- Festividade.- O segundo sábado e domingo do mes de outono.

3.- Peticións.- Doenzas humanas e problemas de tipo xeral.

4.- Promesas.- 4.1.- Celebración de varias misas. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*A Virxe dos Remedios che saque a enfermidade e che dea a sanidad polo poder que ten. Amén*". 4.3.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.4.- A procesión, na que saen as dúas imaxes da Virxe dos Remedios, percorre o perímetro do santuario. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas e candeas de tódolos tamaños³².

E.- O santuario da Virxe do Socorro.

1.- Parroquia.- A capela da Virxe do Socorro pertence a Oleiros, Sta. Eulalia de Rioaveso e S. Xurxo de Rioaveso .

2.- Festividade.- O sábado e domingo posterior ó 21 de maio.

3.- Peticións.- Doenzas humanas.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*A Virxe do Socorro che dea a sanidad e che quite a enfermidade, polo poder que Dios ten a Virxe María. Amén*". 4.2.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.3.- Ritual da procesion ó redor do santuario. 4.4.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, que o crego oficia na capela no transcurso do ano³³.

F.- O santuario da Virxe de Guadalupe.

1.- Parroquia.- Santiago de Sancobade.

2.- Festividade.- O segundo sábado e domingo de setembro.

3.- Peticións.- Doenzas humanas e problemas de índole xeral.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- "*A Virxe de Guadalupe che quite a enfermidade e che dea a sanidad polo poder que ten. Amén*". 4.2.- A procesión da a volta a un cruceiro, situado preto da capela. Antano

³¹ BLANCO PRADO, J. M.: "O San Adrián de Goiriz", en *Diario "El Progreso" de Lugo, Suplemento "Taboa Redonda"* (I y II), 27-12-97 y 3-1-98.

³² Informante de Ladra, chamado D. José Leandro Álvarez. Ano 1999.

³³ Informante de Rioaveso, chamada Dña. Dolores Castro Lozano. Ano 1999.

“o ramo de roscas” que saía na procesión levábano varios fregueses. 4.3.- Os devotos ofrecen esmola en metálico e misas; antano ofrecíanlle unha bolsiña de trigo³⁴.

G.- O santuario do S. Estevo.

1.- Parroquia.- Balsa Pequena. S. Mamede de Vilapedre.

2.- Festividade.- O segundo domingo de Outono.

3.- Peticións.- Doenzas de tipo humano e animal.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual da circunvalación. 4.2.- Ritual de poñe-lo santo. Xaculatoria.- “*Cristo vive, Cristo reine, quen che deu a enfermidade, que che dea a sanidad, polo poder que Dios ten e o Santo bendito. Amén*”. 4.3.- A procesión, na que saen as imaxes do S. Estevo e a Virxe María, percorre o perímetro do santuario. 4.4.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, candeas, figuras de cera de animais e persoas, ofrenda en especie, a base de queixos e produtos do cocho, que se poxa ó rematar os oficios relixiosos³⁵.

7.- CONCELLO DE XERMADE.-

A.- O santuario da Sta. Mariña.

1.- Parroquia.- Sta. María de Cabreiros.

2.- Festividade.- O segundo sábado e domingo de xullo.

3.- Peticións.- Doenzas humanas e problemas de índole xeral.

4.- Promesas.- 4.1.- A procesión da a volta ó redor do santuario. 4.2.- Os devotos ofrecen esmola en metálico e misas. 4.3.- Hai bastantes anos había un ritual ligado coa fonte da Santa.- Os devotos bebían a súa auga e levábana en botellas para as súas casas.

B.- O santuario da Virxe dos Remedios.

1.- Parroquia.- Sta. Olalla de Burgás.

2.- Festividade.- O 24 de maio.

3.- Peticións.- Doenzas humanas.

4.- Promesas.- 4.1.- Ritual de poñe-lo santo. 4.2.- Ritual da procesión. 4.3.- Ritual de contacto coa imaxe estática. 4.4.- Ritual da procesión ó redor do recinto sagrado. 4.5.- Os devotos ofrecen esmola en metálico, misas, etc.

³⁴ BLANCO PRADO, J. M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. Servicio Publicacións Deputación Provincial, Lugo, 1996, p. 190.

³⁵ Informante da Balsa Pequena (Vilapedre), chamada Dña. María Jesús Camba Reigosa. Ano 1999.

A modo de resumo teño que dicir que no inventario realizado sobre unha gran parte dos santuarios chairegos distingo 33 santuarios, distribuídos por concellos do seguinte xeito: 1º.- Abadín: 3. 2º.- Begonte: 7, e (con pouca afluencia de devotos) 3º.- Castro de Rei. 4º.- Cospeito: 4. 5º.- Guitiriz: 3. 6º.-A Pastoriza:4. 7º.- Vilalba: 7. 8º.- Xermade:2 .

Os concellos de Meira, Outeiro de Rei e Pol non os mencionamos debido a que non pertencen a diócese de Mondoñedo-Ferrol. Sen embargo, podemos facer mención de que en Outeiro de Rei hai dous santuarios: o do Eccehomo e a Virxe das Dores, situados nas parroquias de Arcos e Robra, respectivamente³⁶. Con respecto a Pol distinguimos o S. Cosme en Gondel, a Nosa Señora das Angustias en Pol, a das Neves en Suegos e o S. Ramón de Penamazada en Valonga³⁷.

Os días da festividade nos santuarios chairegos queda reflectido por meses da seguinte maneira:

1º.- Abril:1	2º.- Maio:9	3º.- Xuño:6	4º.- Xullo:2
5º.- Agosto:1	6º.- Setembro:9	7º.- Outono:2	8º.- Nadal:3

Polo tanto a festividade en trinta santuarios da Terra Chá céntrase no ciclo do verán, mentres que en tres, que corresponden a santuarios dedicados a Sta. Lucía, celébrana no mes do Nadal. Estes datos son bastante coincidentes cos doutras comunidades galegas. Así podémolo apreciar en Navia de Suarna(Lugo)³⁸, en Monfero (A Coruña),³⁹ etc.

En tódolos santuarios chairegos comprobamos que hai as seguintes promesas: 1º Unha misa solemne oficiada por varios cregos de freguesías limítrofes ó recinto sagrado. 2º O ritual de poñe-lo santo. 3º A procesión que case sempre percorre o perímetro do santuario. 4º A ofrenda da esmola en metálico e as misas.

Nun bo número deles distinguimos a celebración de varias misas, o ritual da circunvalación, o ritual de contacto coa imaxe estática, e a ofrenda de candeas normais e cirios pequenos.

O ritual do coitelo do S. Adrián emprégase nos santuarios que hai dedicados a este santo nas parroquias de Pacios (Begonte), Bretoña (A Pastoriza) e Goiriz (Vilalba).

³⁶ BLANCO PRADO, J. M.: Ob. cit, 1996, pp. 125-128, e 183.

³⁷ RIELO CARBALLO, I.: “Cancioneiro da Terra Cha (Pol)”, *Cuadernos del seminario de estudos cerámicos de Sargadelos*, nº 35. A Coruña, Ed. do Castro, 1980, p. 14.

³⁸ GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *A Festa de San Xoán*. Vigo, Ir Indo, 1989, p. 20.
GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Guía de Festas populares de Galicia*. Vigo, Galaxia, 1997.

³⁹ FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones. Sociológicas, Madrid, Siglo XXI, 1984, p. 217.

O ritual da fonte úsase aínda nos santuarios do S. Vitorio de Damil (Begonte), do S. Benito de Valdomar (Begonte), do S. Alberte de S. Breixo (Guitiriz), do S. Xián de Baltar (A Pastoriza). Á fonte da Virtude, ligada á capela de Guimarás (Cerdeiras-Begonte), acoden devotos todo o ano a lavarse doenzas relacionadas coa pel -eccemas, dermatites etc-. Os veciños do lugar do S. Adrián de Goiriz (Vilalba) tentan recuperar o ritual da fonte para as próximas festividades.


A ofrenda de ex-votos de cera, que representan corpos humanos, total e parcialmente, así como corpos de animais, lévase a cabo, entre outros, nos santuarios do S. Cosme de Galgao (Abadín) e de Bretoña (A Pastoriza); nos santuarios da Virxe dos Milagres de Saavedra (Begonte), do S. Benito de Palermo de Valdomar (Begonte), do S. Alberte de S. Breixo (Guitiriz), da Virxe dos Desamparados dos Vilares (Guitiriz), do S. Benito de Pígara (Guitiriz), do S. Adrián de Goiriz (Vilalba), do S. Estevo de Vilapedre (Vilalba), etc.

A ofrenda en especie séguese traendo, aínda que en pouca cantidade, nos santuarios do S. Antonio de Labrada (Abadín), do S. Alberte de S. Breixo (Guitiriz), da Virxe dos Desamparados dos Vilares (Guitiriz), do S. Roque de Carballido (Vilalba), do S. Adrián de Goiriz (Vilalba), do S. Estevo de Vilapedre (Vilalba), etc.


Finalmente quero manifestar que os continuos cambios e transformacións que se vaian levando a cabo no futuro poden facer posible que determinadas manifestacións da relixiosidade popular sufran cambios formais, mais estas novas expresións seguirán máis ligadas os niveis da relixiosidade popular que ós da relixiosidade oficial.



Santuario dos Milagres de Saavedra (Begonte): Un pequeno, acompañado da súa familia, realiza o ritual da ciscunvalación, levando nas súas mans unha imaxe pequena da Virxe



Santuario do San Alberte de S. Breixo (Guitiriz): Os nenos beben a auga da fonte para previr as doenzas relacionadas coa fala.



Santuario de San Cosme de Galgao (Abadín): O crego impón as súas mans por riba da cabeza do devoto, mentres reza unha pregaria.



Nun santuario chairego unha devota leva ex-votos de cera de distinta natureza.



Santuario da Trindade de Vián (A Pastoriza): Na procesión, que percorre o perímetro do Santuario, aínda van algúns devotos baixo as andas dalgúns imaxes